

CALDAS DE REIS ACOLLE O VII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE E SAÚDE

- Celebrarase, do 14 ao 17 de novembro, no Auditorio da propia localidade, baixo a organización do Prof. Dr. Francisco Peña Castiñeira, Fundador do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles, e Director dos Cursos de Saúde Ambiental.
- O evento contará coa participación de expertos e altos cargos institucionais (máis dunha vintena) que aportarán os seus coñecementos e experiencia na análise dalgúns dos problemas ambientais que axexan á sociedade actual, con especial referencia a Galicia e á comarca de Caldas.
- Estrutúrase en catro sesións plenarias nas que se abordarán temáticas de interese tales como as cidades saudables e sostibles, a calidade das augas, a xestión dos residuos e o patrimonio natural galego.
- O Presidente de Sogama, Javier Domínguez, intervirá na sesión de residuos para explicar os novos horizontes desta empresa pública nun marco de economía circular.

Cerceda, a 27 de outubro de 2016.- O municipio pontevedrés de Caldas de Reis acollerá, do 14 ao 17 de novembro, o VII Congreso Galego de Medio Ambiente e Saúde. E farao baixo a batuta do Prof. Dr. Francisco Peña Castiñeira, Fundador do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles e Director dos Cursos de Saúde Ambiental, quen xestou un ambicioso programa no que se contempla a intervención de expertos e altos cargos, tanto públicos como privados, que aportarán os seus coñecementos e experiencia na materia, analizando algúns dos problemas ambientais máis importantes que ten a sociedade actual, con especial referencia a Galicia e á comarca de Caldas.

O evento, deseñado conforme aos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara a sostibilidade, estrutúrase en catro sesións plenarias nas que se abordarán temáticas de gran interese tales como as cidades saudables e sostibles, a calidade das augas, a xestión dos residuos e o patrimonio natural galego. Para isto contarase coas achegas de máis dunha vintena de relatores de distintos perfís profesionais, pero vinculados por un obxectivo común: a consecución dun medio ambiente máis limpo e sostible.

SAÚDE, AUGA, RESIDUOS E NATUREZA

Tralo acto inaugural, que terá lugar o día 14, ás 16:30 horas, Monseñor D. Francisco Javier Froján Madero, da Secretaría de Estado do Vaticano (Roma), será o encargado de presentar a “Encíclica Laudato si’ do Papa Francisco “O coidado da nosa casa común”, tendo lugar a continuación a primeira sesión plenaria “Cidades máis saudables e sostibles: cara a saúde ambiental de Galicia”, na que o propio Francisco Peña actuará como coordinador, contando coas intervencións de representantes de alto nivel da Consellería de Sanidade, Gas Natural Fenosa, Iberdrola e a Planta de Foresa, sita na propia localidade de Caldas.

Ao día seguinte, será Julia Melgar, Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, a encargada de dirixir unha mesa sobre “A calidade das augas e a súa xestión en Galicia”, na que participará o Xefe de Servizo Territorial da Zona Galicia Sur Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), Francisco Alonso, ademais de portavoces de Viaqua e Espiña & Delfín, o Alcalde Caldas de Reis, Juan Manuel Rey, e o Responsable do Departamento de Medio Ambiente deste concello, José Luis González.

A xornada do día 16 arrsncará cunha serie de visitas prácticas a centros ambientais de interese desta área xeográfica pontevedresa, proseguindo con “A xestión dos residuos en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro”. Neste caso, será Felipe Macías, Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, quen moderará a sesión, á que contribuirán a Subdirectora Xeral de Residuos e Solos Contaminados da Xunta de Galicia, Verónica Tellado; o Presidente de Sogama, Javier Domínguez; a Técnica de Medio Ambiente do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra, María Martínez; o Responsable de Operacións e Comercial na Área de Residuos da firma Soil Recovery, Marcial Alonso; o Responsable de Comunicación e Proxectos de Humana, Rafael Mas; e o Director de I+D e Producción de Ecocelta, Sergio Horacio Quiroga.

Tras unha visita guiada ao Parque-Xardín e Carballeira de Caldas de Reis a cargo do Prof. Dr. Carlos Rodríguez Dacal, baixo o título “Posta en valor do patrimonio natural de Galicia: xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico”, ábrese a sesión do 17, que estará presidida por Estanislao Fernández da Cigoña Núñez, Naturalista e Investigador, ademais de Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía e Medalla de prata de Galicia concedida pola Xunta.

O catedrático de Ciencias Naturais, Carlos Rodríguez Dacal, e o Catedrático de Dereito Administrativo e Director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña, Javier Sanz Larruga, xunto coa Directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e representantes de Aenor e da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta, completarán o



cartel, que botará o peche a catro días de intenso traballo centrados en compartir coñecementos e experiencias no medio ambiente e desenvolvemento sostible.

O Congreso terá lugar no Auditorio do concello de Caldas. O prazo para formalizar a inscrición conclúe o próximo 10 de novembro.

Máis información en www.caldasdereis.com; www.medioambienteysalud.com; e mambientecaldas@yahoo.es.

Saúdos, Departamento de Comunicación

Nota de prensa